



La sinfonía femenina (incompleta) de Thomas Merton

María Cristina Inogés Sanz, PPC, Madrid, 2018, 160 pp.

Thomas Merton. Viver com sabedoría

Jim Forest. Nélio Mendonça, trad. Editora Madeirense, Funchal, Madeira, 2018, 246 pp.

O pasado dez de decembro cumpríronse cincuenta anos da morte de Thomas Merton (1968-2018). Arredor desta efeméride multiplicáronse –en diferentes países– celebracións e encontros, que dan fe da vitalidade do legado de tan singular figura. Capítulo importante constitúeno a incesante publicación de obras do cisterciense ou sobre el. Cando xa se anuncia como inminente a aparición de novos textos, vou dar breve noticia de dous –excelentes ambos– hai poucos meses aparecidos no noso entorno lingüístico próximo.

* * *

La sinfonía femenina (incompleta) de Thomas Merton, orixinal e fino ensaio de María Cristina Inogés, bríndanos a oportunidade de achegarnos á poliédrica figura do recoñecido

mestre desde un ángulo novo. «As mulleres e Merton parece un tema que non se evita, pero do que se prescinde en canto hai oportunidade. Por que?». A autora, que á súa condición feminina xungue a de teóloga, aborda de modo sistemático e fondo este asunto usualmente eludido¹.

O título do libro –alusivo á que quizais sexa a mellor sinfonía schubertiana, malia ao seu inacabamento– ofrécenos xa unha suxerinte pista de lectura. A vida de Merton ten, en efecto, moito de sinfónica: a súa aspira-

1 María Cristina Inogés Sanz estudou na Facultade de Teoloxía Protestante de Madrid, SEUT. Actualmente colabora en *Lecturas diarias*, da Igrexa evanxélica de Río da Prata (Arxentina). Ten publicado *Viacrucis de la misericordia* (2016) y *El Cantar de los Cantares. Don, compromiso y regalo* (2017), ambas obras en PPC.